

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Anuncio declaración de inoperativa da bolsa de emprego de persoal laboral temporal de monitor/a de actividades de Cultura e Deporte

ANUNCIO

Declaración de inoperativa da bolsa de emprego de persoal laboral temporal de monitor/a de actividades de Cultura e Deporte.

Con data do 27 de decembro de 2024, o alcalde do Concello de Ponteceso ditou a resolución número 1122/2024, co seguinte teor literal:

“**ASUNTO:** DECLARACIÓN DE INOPERATIVA DA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE CULTURA E DEPORTE, APROBADA POLA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 514/2023 DO 13-06-2023 E ACTUALIZADA POLA NÚM. 732/2023 DO 06/09/2024

Pola resolución de Alcaldía núm.514/2023 do 13-06-2023, actualizada pola núm. 732/2023 do 06-09-2023, aprobouse a bolsa de MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE CULTURA E DEPORTE, persoal laboral fixo, grupo profesional IV asimilado a subgrupo de funcionarios C2, resultante do proceso selectivo de estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 do Concello de Ponteceso, para as prazas convocadas ao abeiro da OPE de carácter extraordinario, coa finalidade de realizar contratacións laborais de carácter temporal nos supostos previstos no Estatuto dos Traballadores (acumulación de tarefas por circunstancias da produción, cobertura de vacantes ata a súa provisión definitiva, substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, baixas, vacacións e permisos regulamentario), constituída por once candidatos.

Realizados os chamamentos correspondentes a todos os integrantes da referida bolsa para substituír de forma temporal a unha monitora deportiva durante o tempo de duración da baixa médica, emítese pola funcionaria encargada de realizar os chamamentos informe de data 12-12-2024 no que se fai constar que non foi posible cubrir esta baixa ao non estar dispoñibles neste momento para a contratación ningún dos candidatos da bolsa.

Logo de ver as atribucións conferidas a esta Alcaldía de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Declarar inoperativa a bolsa de MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE CULTURA E DEPORTE, persoal laboral fixo, grupo profesional IV asimilado a subgrupo de funcionarios C2, aprobada pola resolución de Alcaldía núm.514/2023 do 13-06-2023, actualizada pola núm. 732/2023 do 06-09-2023, constituída por once candidatos, por resultar infrutuosos os chamamentos efectuados para cubrir de forma temporal un posto de monitora de cultura e deportes ao non resultar dispoñible para a contratación ningún dos candidatos da mesma.

Segundo: Publicar o presente decreto no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, e na páxina web municipal, a efectos informativos.

Terceiro: Iniciar os trámites oportunos para a formación dunha nova bolsa que permita as substitucións e os obxectivos da bolsa declarada inoperativa.

Cuarto: Dar conta ao Pleno desta resolución na vindeira sesión ordinaria que se celebre”

Ponteceso, 30 de decembro de 2024

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

2024/9448